

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**9463** *Real decreto 815/2018, do 6 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación dos canais de vacún e ovino e ao rexistro e a comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos.*

O modelo europeo de clasificación de canais de vacún pesado, coñecido como «modelo SEUROP», é a ferramenta básica para a normalización e transparencia das transaccións relacionadas coa carne de vacún no mercado único europeo. Este modelo estableceuse no Regulamento (CEE) n.º 1208/81 do Consello, do 28 de abril, polo que se establece o modelo comunitario de clasificación de canais de vacún pesado, publicado no ano 1981. No relativo aos prezos de mercado destes canais clasificados, no ano 1982 publicouse o Regulamento (CEE) n.º 563/82 da Comisión, do 10 de marzo, polo que se establecían disposicións relacionadas co rexistro dos prezos de mercado dos bovinos pesados, con base neste modelo de clasificación dos canais. Posteriormente, o Regulamento (CEE) n.º 1186/90 do Consello, do 7 de maio, polo que se amplía o campo de aplicación do modelo comunitario de clasificación dos canais de vacún pesado, adoptouse, coa finalidade de estender este modelo en todos os matadoiros autorizados para o comercio intracomunitario e, xa que logo, mellorar as condicións e a transparencia do mercado deste sector, coa finalidade última de que tamén o sector produtor, é dicir, os gandeiros, se beneficiasen desta maior transparencia nas súas transaccións comerciais.

O desenvolvemento das ditas disposicións e a súa adaptación ao ordenamento xurídico español realizouse a través da Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 11 de novembro de 1991, pola que se amplía o campo de aplicación do modelo comunitario de clasificación dos canais de vacún pesado.

Como consecuencia das sucesivas modificacións da normativa da Unión Europea na materia, sucedéronse o Real decreto 1892/1999, do 10 de decembro, polo que se aplica o modelo europeo de clasificación dos canais de vacún pesado e as normas comunitarias sobre rexistro de prezos e, posteriormente, o Real decreto 225/2008, do 15 de febreiro, polo que se completa a aplicación do modelo comunitario de clasificación dos canais de vacún pesado e se regula o rexistro dos prezos de mercado.

A última reforma da política agrícola común, no ano 2013, concedeu maior importancia á simplificación e redución das trabas burocráticas tanto para a Administración como para os operadores económicos. Neste sentido, o Regulamento (CE) 1249/2008 da Comisión, do 10 de decembro de 2008, que establece disposicións de aplicación relativas aos modelos comunitarios de clasificación de canais de vacún, porcino e ovino e á comunicación dos seus prezos, foi derogado e substituído por normas máis simplificadas, aliñadas coa filosofía do Tratado de Lisboa. En xullo de 2017 publicáronse os dous novos regulamentos que regulan os modelos da Unión de clasificación de canais: o Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que afecta os modelos da Unión de clasificación dos canais de vacún, porcino e ovino e a comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos; e o Regulamento de execución (UE) n.º 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que afecta os modelos da Unión de clasificación de canais de vacún, porcino e ovino e a comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos. Estes dous regulamentos unifican aqueles que establecían disposicións de aplicación tanto no modelo comunitario de clasificación de canais como nos relativos á comunicación de prezos.

Coa publicación destes novos regulamentos cómpre, para garantir a seguridade xurídica, incorporar ao noso marco legal as modificacións da nova normativa, sen prexuízo da directa aplicación das ditas disposicións, así como o desenvolvemento daqueles aspectos que os novos regulamentos deixan a criterio dos Estados membros.

O Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do 17 de decembro de 2013, establece a obrigatoriedade de aplicar os modelos da Unión de clasificación de canais en animais da especie bovina de oito meses ou máis. Non obstante, existe un mercado importante de carne de tenreira de menos de oito meses, en ocasións ligado a denominacións de calidade específicas, que fai necesario que o modelo SEUROP se poida aplicar de forma voluntaria nos ditos canais.

Por outro lado, tendo en conta as particularidades da estrutura comercial do sector da carne de vacún en España, así como a experiencia adquirida na aplicación da clasificación dos canais, e co obxectivo de reducir trabas administrativas, faise preciso exceptuar da obrigatoriedade de clasificación aqueles matadoiros de tamaño reducido, así como aumentar a cinco anos o período de vixencia das autorizacións aos clasificadores de canais.

Tamén é preciso adaptar as disposicións en relación cos criterios de control nos establecementos que sacrifiquen un volume baixo de bovinos adultos; este control basearase nunha análise de risco, así como no resultado de inspeccións anteriores, o que contribúe a unha maior simplificación administrativa.

En canto á clasificación dos canais de ovino, o Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do 17 de decembro de 2013, establece que os Estados membros poderán aplicar, se así o deciden, o modelo comunitario de clasificación. Tendo en conta o sistema de produción español e as características dos canais de ovino que se obteñen, no Reino de España, non será obrigatorio aplicar o modelo europeo de clasificación. Non obstante, resulta necesario permitir a súa aplicación aos matadoiros que por motivos comerciais así o decidan.

Convén tamén establecer disposicións respecto do rexistro e da comunicación dos prezos de mercado tanto en vacún como en ovino, que permitan obter uns prezos medios nacionais comparables cos do resto de Estados membros, dotando dunha maior transparencia o mercado único europeo e garantindo, en todo caso, a confidencialidade dos datos achegados polos operadores.

Co obxecto de ter unha maior homoxeneidade e coordinación en todo o territorio nacional e coas institucións europeas, así como de facilitar as tarefas de formación sobre clasificación de canais, créase o Comité Nacional de Expertos en Clasificación de Canais de Vacún e Ovino e Seguimento de Prezos, formado por técnicos de recoñecida experiencia na materia.

Dado o marcado carácter técnico desta norma, de acordo coa doutrina do Tribunal Constitucional sobre a lexislación básica, considérase apropiada a súa adopción mediante real decreto.

Na tramitación deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e entidades representativas dos sectores afectados.

Así mesmo, en cumprimento do previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto de real decreto foi sometido ao procedemento de audiencia e información públicas, e adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa europea se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa menos restritiva de dereitos ou que impoña menos obrigacións aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a dita norma adecúase a eles, pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, e procurouse a participación das partes interesadas, evitando cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

De acordo co artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, este proxecto encóntrase recollido no Plan anual normativo para 2018, aprobado polo Consello de Ministros do 7 decembro de 2017.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa prevista no artigo 26.5, quinto parágrafo, da Lei 50/1997, do 27 de novembro, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de xullo de 2018,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O obxecto deste real decreto é establecer disposicións específicas en materia de clasificación de canais de vacún e ovino no Reino de España, de acordo co disposto no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007.

2. O modelo da Unión de clasificación de canais a que se fai referencia no artigo 10 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do 17 de decembro de 2013, aplicarase en todos os matadoiros que sacrifiquen semanalmente máis de 5 bovinos de oito meses ou máis, como media anual.

3. Con carácter voluntario, poderase realizar a clasificación de canais de bovinos de menos de oito meses de idade; neste caso, os matadoiros deberán adecuarse ao establecido no artigo 6 do presente real decreto e deberán designarse como animais de categoría V.

4. O modelo da Unión de clasificación dos canais de ovino será de aplicación voluntaria en España; non obstante, aqueles matadoiros que decidan realizar a clasificación de canais deberán facelo de conformidade coas normas establecidas no anexo IV, punto C, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do 17 de decembro de 2013, e no artigo 10 deste real decreto.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións establecidas no anexo IV do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do 17 de decembro de 2013, e as seguintes:

a) Cuartos do canal: para efectos de localizar os medios de identificación da clasificación, entenderase por cuartos cada unha das dúas partes en que se divide tradicionalmente cada medio canal, e denominados, respectivamente, cuarto dianteiro e cuarto traseiro.

b) Presentación autorizada: toda presentación do canal que cumpra cos requisitos recollidos no anexo I e no artigo 4.

c) Presentación de referencia en vacún: aquela que cumpra cos requisitos recollidos no anexo IV, parte A.IV, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do 17 de decembro de 2013.

d) Puído: recorte da graxa externa superficial dun canal efectuado exclusivamente nos puntos definidos no artigo 6.4, do Regulamento delegado (UE) 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que afecta os modelos da Unión de clasificación dos canais de vacún, porcino e ovino e a comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos, en diante, o Regulamento delegado: á altura da anca, do lombo e da parte media das costelas; á altura da parte anterior do peito e nos arredores da rexión anoxenital; á altura da cara interna da perna.

- e) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.
- f) Clasificador: técnico cualificado autorizado pola autoridade competente, de acordo co disposto neste real decreto, que realiza a clasificación de canais.
- g) Dispositivos de clasificación automatizada: dispositivos consistentes nunha técnica de clasificación automatizada (aparello) e unha ecuación (fórmula), acreditados para a clasificación de canais de acordo co disposto neste real decreto.

## CAPÍTULO II

### **Clasificación, identificación dos canais e comunicación de resultados**

#### Artigo 3. *Categorías dos canais.*

- 1. Para a determinación das diferentes categorías, a idade dos bovinos comprobarase a partir da información dispoñible no sistema de identificación e rexistro de animais de especie bovina, de acordo co establecido no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina.
- 2. Os canais ou medios canais de vacún de oito meses ou máis clasificaranse segundo as categorías recollidas no anexo IV, parte A.II, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do 17 de decembro de 2013.

#### Artigo 4. *Presentación dos canais.*

- 1. Todos os canais de vacún que se presenten para clasificación serán traballados conforme algunha das presentacións autorizadas: tipo I, tipo II e tipo III, establecidas no anexo I.
- 2. Non se poderá retirar graxa, músculo ou outro tecido dos canais antes da súa pesaxe, clasificación e marcación, salvo nos casos en que se apliquen exixencias veterinarias.
- 3. O puído soamente se permitirá nos casos en que os canais reúnan o conxunto de características de preparación dunha presentación tipo II cuxo grao de engraxamento sexa 3 ou superior.
- 4. Unha vez efectuada a clasificación do canal e rexistrado o seu peso, poderase realizar o posterior acondicionamento deste para a súa posta no mercado.

#### Artigo 5. *Pesaxe, clasificación e marcación.*

- 1. Os canais pesaranse no prazo máis breve posible despois do sacrificio e, como moi tarde, sesenta minutos despois de que o animal fose sacrificado.
- 2. É responsabilidade dos matadoiros garantir o bo funcionamento de todos os equipamentos e aparellos de medida, incluído o control do funcionamento das básculas e dos equipamentos de clasificación.  
As básculas e o resto de elementos accesorios empregados nas pesaxes deberán adaptarse á normativa reguladora de control metrolóxico. Ademais, os instrumentos de pesaxe estarán selados para garantir a corrección e transparencia destas operacións.
- 3. O matadoiro deberá dispoñer de procedementos que permitan garantir que o peso rexistrado en quente coincide co valor real da pesada, e que queda fielmente recollido, se é o caso, no rexistro informático que corresponda.

#### Artigo 6. *Métodos de clasificación e procedemento de clasificación.*

- 1. A clasificación dos canais efectuarase no matadoiro no momento de determinar o peso en quente do canal.
- 2. A clasificación dos canais de vacún será realizada:
  - a) Por clasificadores autorizados de acordo cos criterios establecidos no artigo 11 deste real decreto ou

b) mediante a utilización de dispositivos autorizados de clasificación automatizada, manexados por persoal cualificado.

3. Nos casos en que se utilicen métodos de clasificación automatizada e estes presenten un fallo puntual, a clasificación deses canais efectuarase nun prazo máximo de vinte e catro horas tras o sacrificio.

4. A clasificación dos canais de vacún efectuarase valorando por separado a conformación e o estado de engraxamento, de acordo co establecido no anexo I do Regulamento delegado. Para a determinación dos estados de conformación, empregaranse as subclases establecidas no anexo II, e será facultativo o seu uso na ponderación do grao de engraxamento.

No caso de emprego de dispositivos de clasificación automatizada, o uso de subclases será obrigatorio tanto no estado de conformación como no grao de engraxamento.

A representación das subclases superior e inferior realizarase mediante os símbolos (+) e (-), respectivamente. A clase central non se representará mediante ningún símbolo. Os ditos símbolos situaranse a continuación da clase de conformación e do estado de engraxamento, respectivamente.

#### Artigo 7. *Identificación e marcación dos canais.*

1. Sen prexuízo da marcación sanitaria e de identificación recollidas na normativa de hixiene alimentaria, todo canal ou medio canal deberá ser identificado no momento da clasificación por medio dun selo ou dunha etiqueta que indique a súa categoría, clase e subclase de conformación (se é o caso) e estado de engraxamento.

2. A marcación estará situada, como mínimo, en cada cuarto dos canais de vacún.

3. A marcación mediante selos estará situada na superficie exterior do canal, será claramente lexible e realizarase con tinta indeleble, non tóxica e resistente á calor.

4. As etiquetas poderán estar situadas na superficie exterior ou interior do canal e serán claramente lexibles, inviolables e estarán solidamente fixadas. O material de etiquetaxe deberá cumprir a normativa sobre materiais e obxectos destinados a entraren en contacto con alimentos.

5. As etiquetas recollerán as mencións obrigatorias do anexo III. Soamente se permitirá a inclusión doutras mencións sempre que non supoñan confusión para os operadores ou alteración das condicións de transparencia do comercio intracomunitario.

6. Os matadoiros deberán dispoñer dos procedementos adecuados para garantir a rastrexabilidade entre a identificación individual do canal, o seu peso e o resultado da clasificación.

7. A identificación dos canais non será de aplicación nos casos en que todos os canais se corten, como unha operación continua, nunha sala de corta adxunta ao matadoiro e autorizada de conformidade co Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.

#### Artigo 8. *Autorización de métodos de clasificación automatizada.*

1. Por solicitude dun matadoiro, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación organizará un ensaio de certificación segundo o establecido no anexo IV do Regulamento delegado.

2. Cando menos dous meses antes do comezo do ensaio de certificación, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación enviará á Comisión Europea a información referida no punto B do anexo IV do Regulamento delegado.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nomeará un organismo independente que analizará os resultados do ensaio de autorización. Os resultados e a información que figuran no punto C do anexo IV do Regulamento delegado remitiranse á Comisión nos dous meses seguintes á finalización do ensaio. No mesmo prazo o Ministerio realizará a comunicación dos resultados á autoridade competente onde radique o

matadoiro para que proceda á autorización do dispositivo automático, así como á organización dos controis previstos no artigo 19.9 deste real decreto.

4. Cando se conceda a autorización dun método de clasificación para o uso sobre máis dun tipo de presentación do canal, as diferenzas de presentación non poderán dar lugar a diferenzas nos resultados da clasificación.

5. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá autorizar métodos de clasificación automatizada sen necesidade de organizar un ensaio de autorización, se a dita autorización foi concedida para os mesmos métodos de clasificación para a súa utilización noutro Estado membro, cando a mostra dos canais avaliados sexa representativa da poboación de vacún en España.

6. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá aprobar as modificacións das especificacións técnicas dun método de clasificación automatizada sempre que tales modificacións permitan obter, cando menos, o mesmo grao de precisión que o alcanzado no ensaio de certificación.

7. Os establecementos que empreguen dispositivos de clasificación automatizada deberán realizar informes de control diarios sobre o funcionamento das técnicas de clasificación automatizada e rexistrar, en particular, as deficiencias observadas e as medidas que, en caso necesario, se adoptasen.

#### Artigo 9. *Comunicación da clasificación.*

1. O matadoiro deberá comunicar ao provedor do animal ou á persoa física ou xurídica que ordenou o seu sacrificio os resultados da clasificación de cada canal, sen prexuízo de informar o gandeiro cando este o solicite expresamente.

2. A dita comunicación poderase efectuar por escrito ou por vía electrónica, ben no albará ben nun documento adxunto, e incluírá, como mínimo:

- a) os resultados da clasificación mediante as letras e os números correspondentes;
- b) o peso do canal, especificando se se trata de peso en quente ou en frío;
- c) a presentación do canal aplicado no momento da pesaxe;
- e) se é o caso, que a clasificación foi realizada mediante métodos automatizados.

#### Artigo 10. *Disposicións específicas para a aplicación da clasificación de canais de ovino.*

1. Os matadoiros que decidan aplicar a clasificación dos canais de ovino deberán realizala conforme o establecido no anexo IV, punto C, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do 17 de decembro de 2013, o Regulamento delegado e o Regulamento de execución no que afecta os modelos da Unión de clasificación dos canais de vacún, porcino e ovino e a comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos, en diante, o Regulamento de execución.

2. Así mesmo, os matadoiros que decidan aplicar a clasificación de canais de ovino notificarano á autoridade competente onde radique o matadoiro, nun prazo máximo de trinta días hábiles desde o inicio da súa aplicación, no formato que esta autoridade estableza.

3. A autoridade competente correspondente ao asentamento do matadoiro que realiza a clasificación de canais de ovino establecerá as disposicións necesarias en materia de autorización de clasificadores, que cumprirán os mesmos requisitos establecidos para os clasificadores de vacún no artigo 11 deste real decreto, e realizará os controis correspondentes.

### CAPÍTULO III

#### **Réxime de autorización de clasificadores**

#### Artigo 11. *Autorización de clasificadores de canais de vacún e ovino.*

1. Os clasificadores deberán superar un curso de carácter selectivo para obter a autorización necesaria para o exercicio da súa actividade. A autorización será válida para

todo o territorio nacional. O módulo formativo constará dunha fase teórica e doutra práctica desenvolvida sobre un mínimo de 40 canais seleccionados aleatoriamente. A duración do curso será de, cando menos, dez horas e o contido mínimo dos cursos axustarase ao descrito no anexo IV. Así mesmo, os criterios aplicables para outorgar a autorización axustaranse ao disposto no anexo V.

2. Os vedores e certificadores das marcas de calidade e das indicacións xeográficas protexidas recoñecidas no sector da carne de vacún deberán tamén obter esta autorización.

3. A autoridade competente emitirá a autorización, que terá unha validez de cinco anos. O procedemento de autorización deberá respectar o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para renovar a súa autorización ou en caso de retirada desta nos casos descritos no artigo 20 deste real decreto, os clasificadores terán que participar nun curso de acordo co establecido no punto 1.

*Artigo 12. Rexistro nacional de clasificadores de canais de vacún.*

1. As autoridades competentes manterán un rexistro cos clasificadores autorizados no seu ámbito territorial, identificados mediante un número de rexistro individual (clave). O rexistro formará parte da base de datos do Rexistro Nacional de Clasificadores de Canais adscrito á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Cada clasificador identificarase mediante unha clave que permita identificar os canais que clasifícase en cada xornada de traballo.

#### CAPÍTULO IV

##### **Rexistro e comunicación de prezos de mercado**

*Artigo 13. Rexistro e comunicación de prezos de mercado.*

1. O rexistro e a comunicación dos prezos de mercado de canais e animais vivos de vacún e ovino efectuaranse nos termos recollidos no Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do 17 de decembro de 2013, no Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, e Regulamento de execución (UE) n.º 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que afecta os modelos da Unión de clasificación de canais de vacún, porcino e ovino e a comunicación dos prezos de mercado de determinadas categorías de canais e animais vivos.

2. Realizarase o rexistro dos prezos das categorías de canais, clases de conformación e estados de engraxamento, así como dos tipos de animais vivos, incluídos no anexo VI deste real decreto.

*Artigo 14. Rexistro de prezos de mercado dos canais de vacún de oito meses ou máis.*

1. Serán suxeitos obrigados a efectuar o rexistro e comunicación de prezos:

a) Empresas explotadoras de todo matadoiro que sacrifiquen anualmente máis de 20.000 bovinos de oito meses ou máis.

b) Empresas explotadoras de todo matadoiro, designadas pola autoridade competente ou polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que sacrifiquen anualmente menos de 20.000 bovinos de oito meses ou máis.

c) Toda persoa física ou xurídica que mande sacrificar anualmente máis de 10.000 bovinos de oito meses ou máis.

d) Toda persoa física ou xurídica, designada pola autoridade competente ou polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que mande sacrificar anualmente menos de 10.000 bovinos de oito meses ou máis.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo coa súa función de coordinación do sistema de rexistro de prezos, comprobará a adecuada representatividade dos prezos rexistrados no territorio de cada unha das autoridades competentes que participan no rexistro de prezos, de acordo co artigo 8.2 do Regulamento de execución, garantindo que se rexistren os prezos de, cando menos:

- a) O 25 % dos sacrificios efectuados naquelas autoridades competentes que, en conxunto, abarquen, cando menos, o 75 % de todos os sacrificios no ámbito nacional.
- b) O 30 % dos animais da especie bovina de oito meses ou máis sacrificados a nivel nacional.

No caso de se non alcanzar as referidas porcentaxes no ámbito nacional, comunicará as autoridades competentes as correccións oportunas.

3. Os prezos de mercado comunicados serán os prezos de entrada en matadoiro, sen IVE, expresados en euros por 100 quilogramos de canal. O peso do canal será o peso en frío, que corresponderá ao peso en quente recollido no artigo 5, reducido un 2 % e ao que se lle aplicarán os coeficientes de corrección detallados no anexo I en función da presentación do canal utilizado.

#### Artigo 15. *Rexistro de prezos de mercado de bovino vivo.*

1. Serán suxeitos obrigados a efectuar o rexistro e a comunicación de prezos aqueles designados pola autoridade competente ou polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. O prezo de mercado comunicado será o prezo pagado na fase de comercio por xunto para cada animal, sen IVE.

#### Artigo 16. *Rexistro de prezos de mercado de canais de ovino de menos de 12 meses.*

1. Serán suxeitos obrigados a efectuar o rexistro e a comunicación de prezos:

- a) Aqueles matadoiros que realicen a clasificación dos canais de ovino de maneira voluntaria.
- b) Aqueles mercados, empresas explotadoras de matadoiros ou persoas físicas ou xurídicas que vendan os ditos animais para o seu sacrificio, designados para tal efecto pola autoridade competente ou polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Os prezos de mercado comunicados serán os prezos de entrada en matadoiro, sen IVE, expresados en euros por 100 quilogramos de canal. O peso do canal será o peso en frío, que corresponderá ao peso en quente corrixido para ter en conta a perda de peso ao arrefecer.

#### Artigo 17. *Procedemento de recollida e comunicación de prezos.*

1. Os suxeitos obrigados ao rexistro de prezos realizarán a recollida, a transmisión e, se é o caso, o procesamento dos datos, a partir dos prezos e cantidades rexistrados nas transaccións habidas entre o luns e o domingo da semana anterior. A información será transmitida á autoridade competente onde radiquen, antes das vinte e catro horas de cada luns, sen prexuízo da competencia en materia de interese estatístico nacional.

Os datos están suxeitos ao segredo estatístico, en aplicación da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública.

2. As autoridades competentes remitirán os ditos datos ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación antes das 12:00 horas de cada martes.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as autoridades competentes poderán habilitar plataformas e sistemas informáticos de captura, almacenamento e cálculo de resultados, que garantan a confidencialidade, oportunidade, acceso e consistencia do sistema.



Artigo 18. *Controis sobre o rexistro do prezo comunicado.*

1. Co fin de garantir a transparencia do mercado, as autoridades competentes, en colaboración co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, realizarán controis periódicos para a verificación da calidade estatística dos datos e a exactitude dos prezos comunicados.

2. Na realización dos controis quedará perfectamente asegurada a confidencialidade dos datos do rexistro de prezos. Pola súa vez, as persoas físicas e xurídicas participantes facilitarán os medios para realizar o control e permitirán o acceso aos documentos acreditativos da información tramitada. Os datos utilizados estarán, igualmente, suxeitos a segredo estatístico.

## CAPÍTULO V

### Controis sobre clasificación, presentación e identificación

Artigo 19. *Controis.*

1. A autoridade competente comprobará o número de bovinos de oito meses ou máis sacrificados nos matadoiros situados no seu territorio, co fin de verificar o cumprimento do artigo 1.2 deste real decreto.

2. A autoridade competente na cal se sitúen os matadoiros efectuará controis sobre o terreo aos establecementos en que se clasifiquen os canais de vacún.

3. Os controis comprenderán a supervisión da actividade dos clasificadores que prestan os seus servizos en cada matadoiro, mediante unha proba individual efectuada cun número de canais similar aos controlados. Os criterios de aceptabilidade aplicables serán os do anexo V.

4. Os controis verificarán en particular:

- a) a vixencia da autorización do clasificador que presta servizo no matadoiro;
- b) a categoría do canal de vacún;
- c) a clasificación e marcación dos canais;
- d) a exactitude dos métodos de clasificación automatizada de vacún mediante un sistema de puntos e límites que determine a exactitude do método de clasificación;
- e) a pesaxe do canal, a presentación e a aplicación adecuada dos factores de corrección;
- f) as comunicacións realizadas aos provedores dos animais ou ordenantes do sacrificio establecidas no artigo 9 deste real decreto.
- g) se procede, a proba de funcionamento diario, así como calquera outro aspecto técnico dos métodos de clasificación;
- h) os informes de control diarios a que se fai referencia no artigo 8.7 deste real decreto;
- i) así mesmo, poderá comprobarse a veracidade nas comunicacións establecidas no artigo 17.

5. Sen prexuízo das competencias que teñan reservadas os organismos oficiais encargados do control metrolóxico en aplicación do Real decreto 244/2016, do 3 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, os encargados do control de clasificación de canais realizarán os seguintes controis:

- a) Verificación da pesada real realizada no establecemento en comparación cos datos da comunicada ao provedor dos animais.
- b) Comprobación da vixencia da verificación periódica ou despois da reparación das básculas.

6. A autoridade competente poderá delegar o control nun organismo de control independente dos matadoiros.

Cando o organismo encargado dos controis non teña dependencia orgánica ou funcional da autoridade competente, os controis recollidos no punto 1 deberán levarse a cabo baixo a supervisión física da dita autoridade, nas mesmas condicións e, cando menos, unha vez ao ano. Esta última será informada, cando menos, anualmente, dos resultados das actividades do organismo encargado da realización dos controis.

7. O persoal ao servizo das administracións públicas que interveña no control dos clasificadores estará especificamente habilitado pola autoridade competente tras asistir a un curso formativo, conforme o artigo 11 deste real decreto.

8. Os controis terán unha frecuencia de, cando menos, dúas veces por trimestre nos establecementos que sacrifiquen e clasifiquen semanalmente máis de 150 bovinos de oito meses ou máis, como media anual. Cada control efectuarase sobre un mínimo de 40 canais escollidos ao azar, ou sobre todos os canais se o número dispoñible nese momento é inferior a 40.

9. A frecuencia dos controis e o número mínimo de canais obxecto de control nos establecementos que sacrifiquen semanalmente menos de 150 bovinos de oito meses ou máis, como media anual, estableceranse mediante un plan de controis que se aprobará na Mesa de Coordinación de Clasificación de Canais e Prezos, conforme o establecido no artigo 11 do Real decreto 814/2018, do 6 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación dos canais de porcino.

O dito plan de controis elaborárase conforme unha análise de risco, tendo en conta, cando menos, o historial de cumprimento do establecemento, o volume de sacrificios e o número de clasificadores autorizados.

10. Os controis dos dispositivos automáticos de clasificación de canais de vacún autorizados conforme o establecido no artigo 8 terán unha frecuencia de, cando menos, seis controis cada tres meses durante os primeiros doce meses seguintes á concesión da autorización do dispositivo. Despois deste período, os controis realizaranse, cando menos, dúas veces cada tres meses. Cada control deberá afectar, como mínimo, 40 canais, seleccionados de forma aleatoria.

11. Os informes de control deberán asinarse o día en que o funcionario actuante e unha persoa do matadoiro encargada da función de control o emitan, e conservarse durante, cando menos, doce meses desde o día da súa sinatura.

*Artigo 20. Medidas que se deberán adoptar en caso de irregularidades e corrección de deficiencias.*

Sen prexuízo do que establece o artigo 4 do Regulamento de execución, no caso de que, como resultado dunha inspección, se observe un número significativo de clasificacións incorrectas, a autoridade competente valorará, en función da análise de risco, a posibilidade de aumentar o número de canais que hai que examinar e a frecuencia dos controis, ou de aplicar outras medidas adicionais que considere oportunas, como a inmovilización cautelar dos canais ata que non sexan emendadas as deficiencias ou a retirada da autorización do clasificador, sen prexuízo das sancións que procedan de acordo co artigo 21.

*Artigo 21. Réxime sancionador en materia de clasificación, pesaxe e marcación de canais.*

O réxime de infraccións e sancións será o establecido no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, e no artigo 49.f) do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, así como o previsto na disposición adicional primeira en canto á contía das sancións e ás sancións accesorias, da Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria, salvo nas comunidades autónomas que dispoñan de réxime sancionador específico, en que se aplicará o dito réxime.

Artigo 22. *Réxime sancionador en materia de rexistro de prezos.*

1. As estatísticas en materia de rexistro de prezos, realizadas de conformidade co Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017, e con este real decreto serán obrigatorias por figuraren no Plan estatístico nacional.

2. O incumprimento do establecido neste real decreto será sancionado de acordo co disposto no Real decreto 1572/1993, do 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento administrativo sancionador das infraccións por incumprimento das obrigacións establecidas na Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, na medida en que sexa compatible coas normas que sobre o réxime sancionador se establecen na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

## CAPÍTULO VI

### Coordinación e comunicacións

Artigo 23. *Labor de coordinación.*

1. O asesoramento e a coordinación en materia de clasificación de canais de vacún desenvolveranse no seo da Mesa de Coordinación de Clasificación de Canais e Prezos, conforme o establecido no artigo 11 do Real decreto 814/2018, do 6 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación dos canais de porcino.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación organizará periodicamente xornadas, co fin de poñer en común experiencias e coñecementos prácticos, a que asistirán os responsables do control de clasificación de cada autoridade competente e os membros do comité establecido no artigo 24 deste real decreto.

Artigo 24. *Comité Nacional de Expertos en Clasificación de Canais de Vacún e Ovino e Seguimento de Prezos.*

1. Créase o Comité Nacional de Expertos en Clasificación de Canais e Prezos, formado por cinco expertos recoñecidos en materia de clasificación de canais do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e das autoridades competentes, designados mediante acordo da Mesa de Coordinación de Clasificación de Canais e Prezos do artigo 11 do Real decreto 814/2018, do 6 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación dos canais de porcino.

2. Serán funcións dos membros do comité o asesoramento en materia de clasificación de canais e a participación nos módulos formativos do artigo 11, así como a participación e colaboración no Comité de Inspección da Unión recollido no artigo 16 do Regulamento de execución.

Artigo 25. *Comunicacións.*

1. A autoridade competente transmitirá ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os datos necesarios para o cumprimento das obrigacións de información á Comisión Europea.

2. Anualmente e antes do 31 de xaneiro, as autoridades competentes remitirán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación un informe que recollerá, como mínimo, os aspectos detallados no anexo VII e no anexo VIII.

Ademais, enviarase:

a) A actualización do Rexistro Nacional de Clasificadores con indicación individualizada do estado de cada clasificador.

b) O lugar e a data de realización dos cursos destinados a clasificadores conforme o artigo 11.

3. Se é o caso, as autoridades competentes notificarán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, anualmente e antes do 31 de xaneiro, a información relativa á clasificación de canais de ovino recollida no anexo IX deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Derrógase o Real decreto 225/2008, do 15 de febreiro, polo que se completa a aplicación do modelo comunitario de clasificación dos canais de vacún pesado e se regula o rexistro dos prezos de mercado.

2. Derrógase a Orde do 18 de setembro de 1975 pola que se aproba a norma de calidade para canais de ovino destinados ao mercado nacional.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Habilítase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar os anexos para permitir a súa adaptación á normativa da Unión Europea.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 11 de xullo de 2018.

Dado en Madrid o 6 de xullo de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
LUIS PLANAS PUCHADES

## ANEXO I

## Presentacións autorizadas en canais de bovinos

## 1. Canal de referencia ou tipo I

Aquel que cumpra cos requisitos recollidos no anexo IV, parte A.IV, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do 17 de decembro de 2013.

## 2. Canal tipo II

a) Subtipo II A: inclúe o rabo, o diafragma e os piares medios do diafragma e realízase o puído conforme o artigo 6.4, do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017. Inclúense os coeficientes de corrección, como porcentaxe do peso do canal que se debe engadir ou restar, consonte o anexo do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017. O puído soamente está permitido en canais cun grao de engraxamento de 3 ou superior.

Categorías Z, A, B, C, D e E	Grao de engraxamento		
	Grao 2	Grao 3	Grao 4
Rabo . . . . .	-0.4	-0.4	-0.4
Diafragma . . . . .	-0.4	-0.4	-0.4
Piares diafragma . . . . .	-0.4	-0.4	-0.4
Puído (recorte graxa superficial) . . . . .	0	+2	+3
Coefficiente de corrección aplicable . . . . .	-1.2	+0.8	+1.8

b) Subtipo II B: inclúe o rabo, diafragma e realízase o puído conforme o artigo 6.4, do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1182 da Comisión, do 20 de abril de 2017. Inclúense os coeficientes de corrección, como porcentaxe do peso do canal que se debe engadir ou restar, de acordo co anexo do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017. O puído soamente está permitido en canais cun grao de engraxamento de 3 ou superior.

Categorías Z, A, B, C, D e E	Grao de engraxamento		
	Grao 2	Grao 3	Grao 4
Rabo . . . . .	-0.4	-0.4	-0.4
Diafragma . . . . .	-0.4	-0.4	-0.4
Puído (recorte graxa superficial) . . . . .	0	+2	+3
Coefficiente de corrección aplicable . . . . .	-0.8	+1.2	+2.2

## 3. Canal tipo III

Este tipo comprende todos os canais nos cales non se efectúa o puído e que, ademais, inclúen o ril e a graxa de rilada, o rabo, o diafragma e os piares medios do diafragma e os testículos en machos de categorías Z, A e B.

Divídense en dous subtipos para canais procedentes de machos de categoría Z, A e B (onde se inclúen os testículos) e de femias de categorías D e E. Inclúense os coeficientes de corrección, como porcentaxe do peso do canal que se debe engadir ou restar, de acordo co anexo do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/1184 da Comisión, do 20 de abril de 2017.

O ril debe presentarse á inspección descuberto.

a) Subtipo III A: machos categoría A, Z e B.

Categorías Z, A, B	Grao de engraxamento		
	Grao 2	Grao 3	Grao 4
Rabo.....	-0.4	-0.4	-0.4
Ril.....	-0.4	-0.4	-0.4
Graxa de rilada.....	-1.75	-2.5	-3.5
Diafragma.....	-0.4	-0.4	-0.4
Piases de diafragma.....	-0.4	-0.4	-0.4
Testículos.....	-0.3	-0.3	-0.3
Coeficiente de corrección aplicable.....	-3.65	-4.80	-5.40

b) Subtipo III B: femias categorías D, E e machos categoría C.

Categorías C, D e E	Grao de engraxamento		
	Grao 2	Grao 3	Grao 4
Rabo.....	-0.4	-0.4	-0.4
Ril.....	-0.4	-0.4	-0.4
Graxa de rilada.....	-1.75	-2.5	-3.5
Diafragma.....	-0.4	-0.4	-0.4
Piases de diafragma.....	-0.4	-0.4	-0.4
Coeficiente de corrección aplicable.....	-3.35	-4.10	-5.10

## ANEXO II

### Uso das subclases

Clases: S, E, U, R, O, P

Conformación.	Superior +	Central	Inferior -
Grao de engraxamento (opcional).	superior +	central	inferior -

## ANEXO III

### Mencións obrigatorias das etiquetas

- Categoría, conformación e estado de engraxamento.
- Número de rexistro sanitario do matadoiro.
- Número de sacrificio do animal ou de identificación do canal.
- Data de sacrificio.
- Peso do canal, especificando se se trata de peso en frío ou en quente.
- Clasificación automatizada (opcional).

## ANEXO IV

### Contido mínimo do curso formativo para a autorización de clasificadores

#### 1. Contido teórico

Aspectos legais e fundamentos do sistema de clasificación e rexistro de prezos de canais de vacún.

Modelos de clasificación da Unión: canais de vacún.

#### 2. Contido práctico

Correctas prácticas de preparación de canais.

Preparación dos canais para a súa clasificación, presentación, pesada e identificación.

Bases prácticas da clasificación de canais de vacún.

Exercicio selectivo sobre 40 canais de vacún escollidos ao azar.

Comentario de resultados.

## ANEXO V

### Criterios mínimos de aceptabilidade

1. Os criterios mínimos de aceptabilidade aplicables terán en conta as seguintes posibilidades de erro na clasificación:

a) Erros de tolerancia 0: erros de categoría e erros en 2 ou máis clases de conformación.

b) Erros de tolerancia 1: erros en 1 clase de conformación e en 1 clase de engraxamento.

Cando se utilicen subclases, 3 erros en estimacións e subclases equivalerán a 1 erro en clase completa.

2. Valoración: consideraranse erros non admisibles:

a) 1 ou máis erros de tolerancia 0.

b) Erros de tolerancia 1 que afecten máis do 20 % do total dos canais controlados.

## ANEXO VI

### Categorías de canais e tipos de animais obxecto de rexistro e comunicación de prezos

1. Canais de vacún:

a) canais de animais de 8 meses a menos de 12 meses: U2, U3, R2, R3, O2, O3;

b) canais de machos sen castrar de 12 meses a menos de 24 meses: U2, U3, R2, R3, O2, O3;

c) canais de machos sen castrar de 24 meses ou máis: R3;

d) canais de machos castrados de 12 meses ou máis: U2, U3, U4, R3, R4, O3, O4;

e) canais de femias que parisen: R3, R4, O2, O3, O4, P2, P3;

f) canais doutras femias de 12 meses ou máis: U2, U3, U4, R2, R3, R4, O2, O3, O4.

2. Canais de ovino de menos de 12 meses:

a) Canais de cordeiros lixeiros cuxo peso en canal é inferior a 13 quilos;

b) Canais de cordeiros pesados cuxo peso en canal é igual ou superior a 13 quilos.

3. Animais vivos:
  - a) Tenreiros macho de cría de tipo leitón de entre 8 días e 4 semanas de idade;
  - b) Tenreiros macho de cría de raza de carne, mixta ou procedente dun cruzamento con raza cárnica, de entre 8 días e 4 semanas de idade;
  - c) Bovino novo (xato) de engorda, macho ou femia, de idade comprendida entre 6 e 12 meses.

#### ANEXO VII

##### **Informe sobre os controis en clasificación para efectos de cumprir coas obrigacións de comunicación á Comisión Europea**

1. Número de matadoiros autorizados, diferenciando os matadoiros que sacrifiquen máis de 150 bovinos de 8 meses ou máis á semana como media anual e os que sacrifiquen menos de 150 bovinos de menos de 8 meses á semana como media anual. Ademais, haberá que especificar se a clasificación se realiza con clasificador ou é mediante clasificación automática.
  2. Número total de cabezas de vacún de 8 meses ou máis clasificadas.
  3. Número de inspectores que realicen controis en clasificación.
  4. Número de visitas de control, diferenciando as que se realizan en matadoiros que sacrifiquen máis de 150 bovinos de 8 meses ou máis á semana e os que sacrifiquen menos de 150 bovinos de menos de 8 meses á semana como media anual.
    5. Número de clasificadores autorizados, indicando se é a tempo parcial ou completo.
    6. Número de clasificadores autorizados que foron controlados durante as visitas de inspección.
      7. Número de máquinas de clasificación obxecto de control.
      8. Número total de canais controlados, indicando:
        - a) se en estado de engraxamento se empregan clases ou subclases;
        - b) o número de canais comprobados en que a categoría era incorrecta;
        - c) o número de canais incorrectamente clasificados tanto en conformación como en estado de engraxamento.
    9. Número de canais controlados en canto á identificación, indicando o número de canais incorrectamente marcados.
    10. Número de canais controlados en canto á presentación, indicando o número de canais incorrectamente presentados por falta de inclusión de factores correctores conforme o anexo II.
    11. En caso de clasificación automática, precisión da máquina de clasificación en canto a conformación e estado de engraxamento.
    12. Os datos de produción anual de vacún en cabezas e en toneladas.
    13. Calquera outra información que solicite, con carácter especial, a Comisión Europea ou o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

#### ANEXO VIII

##### **Informe sobre os controis en rexistro de prezos para efectos de cumprir coas obrigacións de comunicación á Comisión Europea**

1. Número de matadoiros que sacrifican anualmente máis de 20.000 bovinos de 8 meses ou máis e que comunican prezos.
2. Número de matadoiros que sacrifican anualmente menos de 20.000 bovinos de 8 meses ou máis e que comunican prezos.
3. Número de persoas físicas ou xurídicas que mandan sacrificar anualmente máis de 10.000 bovinos de 8 meses ou máis e que comunican prezos.



4. Número de persoas físicas ou xurídicas que mandan sacrificar anualmente menos de 10.000 bovinos de 8 meses ou máis e que comunican prezos.
5. Número de controis realizados en materia de rexistro e comunicación de prezos.
6. Número de controis realizados en materia de rexistro e comunicación de prezos e que obtiveron un resultado insatisfactorio.

## ANEXO IX

### Informe sobre a aplicación da clasificación de canais de ovino

1. O número de matadoiros que realizan a clasificación de canais de ovino, diferenciando os que sacrifiquen máis de 80 ovinos á semana como media anual e os que sacrifiquen menos de 80 ovinos á semana como media anual.
2. O número de canais clasificados, diferenciando os canais de ovinos de máis de 12 meses e os de menos de 12 meses, dividindo estes últimos, pola súa vez, nos canais de cordeiros cun peso superior a 13 quilogramos e os canais de cordeiros cun peso inferior a 13 quilogramos.
3. O número de inspectores que realicen controis en clasificación.
4. O número de visitas de control realizadas, indicando:
  - a) Número total de canais controlados, diferenciando por categoría e subcategoría (en caso de ovino lixeiro).
  - b) Número de canais incorrectamente clasificados tanto en conformación como en estado de engraxamento.
5. Número de canais controlados en canto á identificación, indicando o número de canais incorrectamente marcados.
6. Número de canais controlados en canto á presentación, indicando o número de canais incorrectamente presentados.